

9/492 INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA SOBRE A APROBACIÓN DO GASTO E APROBACIÓN DAS BASES XERAIS REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS ÁS ASOCIACIÓNS CULTURAIS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA CULTURA. EXERCICIO 2024.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do xefe de Servizo de Cultura, do 11 de novembro de 2024, conformada pola tenenta de alcaldesa delegada da área respectiva, na parte expositiva do cal se fai constar:

“De conformidade co establecido no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local en consonancia co disposto no artigo 232 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os concellos deben favorecer o desenvolvemento das asociacións (e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro) para a defensa dos intereses da veciñanza, así como o acceso ás axudas económicas tanto para sufragar os gastos xerais delas como as actividades que realicen.

O outorgamento de subvencións é unha técnica de fomento de determinadas actuacións e actividades que se consideran de utilidade pública ou de interese social que, mediante un procedemento de concorrência competitiva axustada aos principios de obxectividade, transparencia e publicidade, permite desenvolver, a través de entidades privadas, actividades que complementan as competencias propias que lle corresponderían ao Concello, como é neste caso a prestación de servizos culturais etc.

Visto o artigo 25 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo, no que se establece para os procedementos de concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva que, con carácter previo ao outorgamento de subvencións, se aprobarán as correspondentes bases reguladoras de subvencións.

O Concello de Lugo aprobou o Plan estratéxico de subvencións para o período 2023-2025, mediante Acordo da Xunta de Goberno Local 9/199, do 25/04/2023.

Vistos:

1.- Certificación de existencia de crédito da Tesourería Municipal, do 16/10/2024, de consignación orzamentaria na aplicación 33000.48900, RC nº 69615/2024 por importe de 14.900 euros.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2339559665372481097.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-11-2024

2.- Informe do Servizo de Fomento do día 28/10/2024, no que se manifesta que a proposta de bases é axustada á regulamentación específica, establecendo unha consideración na redacción dos dispositivos cuarto e quinto da proposta.

3.- Informe do Servizo de Intervención nº 2024/1589, do día 11/11/2024, de fiscalización previa polo que procede a tramitación do expediente.”

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que á vista da aprobación do Plan estratéxico de subvencións para o período 2023-2025, mediante Acordo da Xunta de Goberno Local 9/199, do 25/04/2023, se proceda á convocatoria para o exercicio 2024 de subvencións ás asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade no eido dos servizos culturais (Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua), para o desenvolvemento de programas e actividades culturais de interese xeral e sectorial de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrência competitiva.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 14.900 euros a que ascende o importe total das subvencións que se outorgarán por parte do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua con cargo á aplicación orzamentaria 33000.48900. RC: 69615/2024

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexerase polo establecido nas seguintes **BASES XERAIS REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS CULTURAIS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA CULTURA (ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA). EXERCICIO ECONÓMICO 2024.**

Artigo 1. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións por parte do Concello de Lugo, Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua ás asociacións e a entidades xurídico-privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento, durante o exercicio económico de 2024, de programas e actividades culturais que benefician a colectivos no eido da cultura, o turismo ou a promoción da lingua.

Serán subvencionables as actuacións establecidas no artigo 9 baixo a epígrafe “gastos subvencionables”.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do orzamento, Regulamento de control interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

Artigo 2. Entidades beneficiarias. Requisitos.

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no concello de Lugo.
- b) As entidades beneficiarias segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, Rexistro público de fundacións ou calquera outro rexistro público figurando como asociacións que desenvolven a súa actividade no eido dos servizos culturais (Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua).
- c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social.
- d) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Ter xustificados debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.
- f) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido da cultura.
- g) Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación cultural realizada pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- h) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2024.
- i) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e, de ser o caso, renovación dos membros da directiva.
- j) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (Acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

Artigo 3. Créditos orzamentarios e contía das subvencións

No orzamento municipal para o exercicio de 2024, existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

Servizo	Aplicación orzamentaria	Importe
Cultura	33000.48900	14.900,00 €

Artigo 4. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (<https://lugo.gal>) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o artigo 16.4 a) do mesmo texto legal con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa emenda a través da presentación electrónica da solicitude. Para estes efectos, segundo indica textualmente o texto legal: “*considérase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a subsanación*”.

A convocatoria para a concesións das subvencións previstas nestes bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O prazo para presentar as solicitudes será de **DEZ DÍAS HÁBILES**, contados dende **o seguinte ao da publicación oficial da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**, na forma e nos termos previstos na Lei xeral de subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo, publicaranse as bases na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), e deberán inserirse no Taboleiro do Concello de Lugo.

Artigo 5. Documentación para achegar coas solicitudes de subvención

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Solicitude, segundo o modelo do **ANEXO.- Solicitude de subvención**, no que se inclúa o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou actividade solicitada, e a autorización ao Concello para comprobar, se é o caso, nas diferentes administracións os datos tributarios e outras informacións declaradas.

b) Fotocopia do NIF da entidade.

c) Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante, así como documento acreditativo e actualizado desta representación.

d) Tanto no caso de subvencións solicitadas para o desenvolvemento de proxecto, actividades ou programas da asociación ou entidade, deberán de presentar as actuacións para desenvolver, cunha relación de gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral etc. segundo o ANEXO.- Descrición das actuacións para desenvolver, que poderá vir acompañado do proxecto que se estime máis conveniente co fin de acadar unha mellor avaliación.

e) Declaración responsable, segundo o modelo que figura no ANEXO.- Declaración responsable de solicitude, acreditativa:

1. Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención, así como outras achegas, axudas ou colaboracións de carácter non económico.

2. De que a actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3. De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente. No caso de que a contía solicitada pola entidade beneficiaria supere na convocatoria o importe de 3.000 euros deberanse achegar as correspondentes certificacións, conforme o artigo 24.4 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

4. De que a entidade non se encontra inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5 . De que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6. De que a entidade lle ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2024.

f) Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante.

g) Certificación da secretaría da entidade, na que conste a existencia dun departamento de muller e igualdade, se fose o caso.

h) Acordos ou actas da entidade acreditativas do funcionamento das vogalías ou departamentos específicos de muller.

i) Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, e de non cumprir o dito requirimento, terase por desistido da súa solicitude, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. **Dado o carácter competitivo do procedemento, ADVIRTESE EXPRESAMENTE** que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable e puntuable; a non acreditación dos criterios para outorgar os puntos establecidos no artigo 8 "criterios de valoración e contía da subvención" implicara a asignación de 0 puntos no respectivo criterio puntuable.

Artigo 6. Procedemento de tramitación e resolución das subvencións

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas bases, unha vez anotadas no Rexistro xeral de entrada, seranlles remitidas ao Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

O procedemento instruírase no Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, polo técnico ou técnica competente do dito servizo, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, ou órgano no que delegue segundo o artigo 127 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Comisión avaliadora. Composición:

- Presidenta/e: xefa/e do servizo/Sección de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

- Vogal: un traballador/a adscrito ao Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Vogal: un técnico/a do Servizo de Intervención
- Secretaria: un funcionario/a do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Excepcionalmente, o posto de secretaria/o e vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

Funcións: emitir o ditame no que concrete o resultado da avaliación efectuada; á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instrutor do procedemento.

Órgano instrutor. Funcións:

- Requirirlle á entidade solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.

- Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.

- Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.

- O órgano instrutor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Xunta de Goberno Local, competencia delegada nas/os tenentas/es de alcaldesa delegadas/os de área e nas/os concelleiras/os delegadas/os conforme o Acordo da Xunta de Goberno Local 40/607, do 26/07/2023.

Prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento:

Este será de SEIS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac2339559665372481097.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-11-2024

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

- Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

- As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo total da actividade. O 10 % do gasto proposto e orzamentado no proxecto presentado deberá ser financiado exclusivamente pola asociación ou entidade. No caso de que exista sobrefinanciamento, a/o beneficiaria/o deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

Artigo 7. Publicidade das subvencións concedidas

Procederase á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e o contemplado no título II da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá publicar a información relativa ás fases contables: A (bases, convocatoria), D (fase de adxudicación) e O (recoñecemento da obriga) na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 8. Criterios de valoración e contía da subvención

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

Criterio de valoración	Puntuación
Interese xeral da actividade ou programa no ámbito municipal en relación coa súa actividade no eido dos servizos culturais.	Ata 1

Criterio de valoración	Puntuación
Orixinalidade e carácter innovador da actividade. Grao de innovación do proxecto e déficit de actividades análogas no municipio.	Ata 0,5
Antigüidade da asociación con programación continua en actividades desenvolvidas no eido da cultura (sen contar a edición actual). De 1 a 5 anos de actividade: 1 punto. De 6 a 10 anos de actividade: 2 puntos. Máis de 10 anos de actividade: 3 puntos.	Ata 3
Actividades de carácter gratuíto, abertas ao público en xeral e que fomenten a participación da cidadanía.	Ata 1
Actividades que promoven a igualdade, non discriminación e educación e valores nas actuacións propostas.	Ata 1
Achega dun Plan de medios onde se recollan as actuacións de difusión previstas, coa correspondente especificación en cada caso e nas que se indique a colaboración do Concello de Lugo: - Actuacións en redes sociais: 0,5 puntos. - Cartelería e folletos impresos: 0,5 puntos. - Anuncios en prensa escrita (xornais, revistas etc.): 0,5 puntos. - Anuncios en radio, tv etc.: 0,5 puntos.	Ata 2
Difusión dos valores culturais lucenses e galegos.	Ata 0,5
Que na composición da directiva da asociación exista como mínimo unha porcentaxe do 50% de mulleres.	0,5
Que a entidade conte cunha vogalía ou departamento de muller ou igualdade (debidamente acreditado con certificación e acordos ou actas).	0,5
Puntuación máxima	10 puntos

Para optar á concesión da subvención será preciso obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario achar o valor punto, que determinará as cantidades inicialmente asignadas a cada beneficiario. Excepcionalmente, de acordo co artigo 22.1 da LXS, ratearase o importe total para repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas.

Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da actividade para a que se solicita subvención, **segundo o orzamento presentado**, xa que o 10% restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas nacionais ou estranxeiras.

Artigo 9. Gastos subvencionables

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que directamente e de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto obxecto de subvención e se realicen dentro da anualidade subvencionada (anualidade 2024: entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024) incluídos os gastos de persoal necesario sempre que se trate de persoal específico para o seu desenvolvemento.
2. Tamén serán subvencionables os gastos indirectos necesarios para o funcionamento e mantemento da asociación tales como: luz, teléfono, alugamento de instalación etc. sempre que se imputen ao programa subvencionado, na porcentaxe axustada que corresponda e ata un máximo do 20 % do importe total da subvención concedida.
3. Non serán subvencionables:
 - Os gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.
 - Os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
 - Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.
 - Os gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. En todo caso terá esta consideración a organización de comidas, *catering* ou ceas.
 - Os impostos e taxas municipais.
 - As facturas e demais documentos de valor probatorio emitidos por membros da asociación que se subvenciona.
 - Os gastos de transporte de excursións e viaxes que non teñan como finalidade a promoción da cultura e/ou actividade cultural lucense.

Artigo 10. Xustificación do gasto e pagamento da subvención

Realizarase un primeiro pagamento do 50 % da contía da subvención concedida en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación da resolución de concesión. As entidades beneficiarias quedan exoneradas da obriga de constituír garantías.

O 50 % restante, ou a parte que corresponda, librarase unha vez comprobada a xustificación presentada pola entidade beneficiaria e o cumprimento dos demais requisitos fixados nestas bases.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida ou, de ser o caso, a perda do dereito ao seu cobramento nos termos e nos casos previstos no artigo

seguinte e nos demais supostos previstos na normativa de aplicación relacionada no artigo 1 destas bases.

Concedida a subvención, as entidades beneficiarias deberán presentar, a través dos medios electrónicos e nos termos dispostos no artigo 4, a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento:

a) Memoria explicativa, o máis detallada posible, da realización da totalidade da acción subvencionada (imprescindible relación de gastos e ingresos), segundo os modelos que figuran nestas bases como **ANEXO.- Xustificación da realización da actividade** para actividades e para mantemento. Nela farase unha expresa mención dos resultados obtidos, e conterá unha relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento.

O Concello de Lugo poderá requirir da/o beneficiaria/o a remisión dos xustificantes de gasto que se indiquen na dita relación, así como calquera outra documentación que se entenda xustificativa da actuación realizada.

Deberase acompañar, se é o caso, todo aquel material complementario que facilite a comprobación de que se levou a cabo a actividade, como **material fotográfico, de difusión das actividades en redes sociais, folletos, carteis, libros, notas de prensa, vídeos, enlaces, podcast, soportes etc., editados ou publicados en relación coa dita actividade** e que xustifiquen, así mesmo, o indicado, se é o caso, no Plan de medios presentado no proxecto.

b) No caso de que entre o orzamento presentado no seu día e que foi obxecto de avaliación para a concesión da subvención e o realmente executado existan diferencias, deberase achegar **un informe explicativo destas**, segundo os modelos que figuran nestas bases como **ANEXO.- Xustificación da realización da actividade**.

c) **Facturas** e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.d 1619/212, do 30 de novembro, do Ministerio de Economía e Facenda.

As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios: resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada selada pola entidade financeira. **En todo caso, estarase ao disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, do 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, que establece que "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou**

profesional, cun importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira".

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores delas. En todo caso, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente.

Non se admitirán facturas que correspondan á subcontratación das actividades subvencionadas, salvo nos casos regulados no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 68 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, do Regulamento de subvencións, que en todo caso deberán ser xustificadas convenientemente indicando a súa necesidade, o detalle das porcentaxes que supoñen, os seus importes, a acreditación do valor de mercado das actividades, o valor engadido que estas achegan a actividade subvencionada e a non concorrencia das circunstancias sinaladas no artigo 29.7.d) da mencionada Lei.

d) Declaración responsable; segundo o modelo que figura no ANEXO. Declaración responsable de xustificación destas bases, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.
- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.
- Que esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo (conforme o artigo 24.4 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, as certificacións do cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo, serán obrigatorias cando se supere na convocatoria o importe de 3.000 euros, sendo suficiente en caso contrario incorporar ao expediente declaración xurada por parte da entidade beneficiara, de atoparse ao corrente das súas obrigas de carácter tributario e de Seguridade Social).
- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:
 - . Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
 - . Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- . Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.
- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.
- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondentes ao pasado exercicio económico, así como todas as variacións que se produciron na súa xunta directiva (este suposto só para as asociacións).

e) Certificacións do cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo, cando se supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.

f) No caso de solicitar e/ou recibir outras subvencións ou axudas por parte doutras administracións ou entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma** finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación destas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega da dita relación, deberase presentar certificación expedida polo secretario da entidade coa relación de gastos para presentar ante os outros axentes financiadores.

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no caso de que non cumpra o dito requirimento, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso de aprobación da autorización e disposición de gasto e a esixencia de reintegro, de ser o caso.

Artigo 11. Contía para xustificar

A entidade beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida mais o 10 % do custo total do proxecto presentado e orzamentado no seu día, enténdese que a esixencia de xustificación de gastos relativo ao 10%, refírese ao 10% do orzamento da actividade presentadas con independencia do gasto efectivo total devindicado, por canto ten incidencia na valoración da actividade. **As entidades beneficiarias deben presentar no momento da xustificación unha relación totalizada de gastos e ingresos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanciamento desta** (conforme ao anexo de xustificación).

De non ter xustificado o importe necesario para os efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable

minorarase o importe a percibir na contía necesaria se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada e, polo tanto, a perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o **50% do importe concedido**, sen prexuízo das sancións que procederan, se é o caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

Artigo 12. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

Serán obrigas das asociacións ou entidades beneficiarias das axudas as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións e ademais:

- A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións etc., deberán figurar en idioma galego.
- Non modificar a programación das actividades que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello.
- Facer constar na publicidade, difusión, publicacións etc., que se xeren que as actividades están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos engadirase o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos...
- Comunicarlle ao Concello a realización da actividade para o coñecemento e, se é o caso, participación de responsables municipais.
- Comunicarlle ao Concello de Lugo o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondente ao ano 2024.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei xeral de subvencións.

Artigo 13. Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do **15 de decembro de 2024**. Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación; pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á emenda teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

O pagamento da subvencións realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

Artigo 14. Réxime de infraccións e sancións

1.- Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.- As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no título IV da dita Lei 38/2003.

4.- A presentación fóra de prazo da xustificación considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Para os ditos efectos, tras a tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- O 10% do importe da subvención concedida inicialmente, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación (indicado no artigo anterior, 13 b)).

- O 20% do importe da subvención concedida inicialmente, ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional (indicado no artigo anterior, 13 b)).

Artigo 15. ANEXOS NORMALIZADOS:

Para solicitar subvención, deberán presentar os seguintes anexos:

ANEXO.- Solicitud de subvención.

ANEXO.- Descrición das actuacións para desenvolver: actividades co orzamento detallado dos gastos e ingresos previstos.

ANEXO.- Declaración responsable de solicitude.

Para xustificar a subvención, deberán presentar os seguintes anexos:

ANEXO.- Xustificación da realización da actividade: memoria na que consten os gastos e ingresos efectuados levados a cabo para o desenvolvemento do programa ou actividade.

ANEXO.- Declaración responsable de xustificación.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2339559665372481097.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-11-2024

ANEXO - SOLICITUDE SUBVENCIÓN**CONCELLO DE LUGO**

ANEXO: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA AS ASOCIACIÓN CULTURAIS OU ENTIDADES XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DOS SERVIZOS DA CULTURA OU PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES CULTURAIS. EXERCICIO ECONÓMICO 2024 .

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
☐ Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:		
CONCELLO:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

DATOS DA ASOCIACIÓN/ENTIDADE

NOME:		Nº REXISTRO MUNICIPAL:	
ENDEREZO SOCIAL:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
CARGO DA PERSOA SOLICITANTE:			
PERTENCE A UNHA FEDERACIÓN/AGRUPACIÓN? ☐ Non ☐ Si (indicar a cal):			

Importe da subvención solicitada (en euros)

DATOS DO PROGRAMA PARA O QUE SOLICITA SUBVENCIÓN:

NOME:

Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto, obxectivo ou actividade solicitada, así como todos os compromisos e obrigas derivadas da lexislación aplicable e das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o exercicio en curso.

Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar das diferentes administracións públicas e/ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas, incluídas as de carácter tributario e coa Seguridade Social.

Lugo,....de de

A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da entidade)

NOTA: verifique a documentación que debe achegar xunto con esta solicitude, segundo o definido na convocatoria.

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR COA SOLICITUDE:

- Fotocopia do NIF da entidade.
- Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante.
- Copia do documento acreditativo da representación que ten a persoa solicitante na entidade ou asociación.
- Certificación da conta bancaria da asociación.
- Declaración responsable para achegar coa solicitude (ANEXO.- Declaración responsable solicitude).
- Declaración responsable da/o secretaria/o da entidade, co visto e praxe da/o presidenta/o da entidade, no que conste a relación de persoas que figuran na xunta directiva, así como as diferentes vogalías ou departamentos dela.
- Copia dos estatutos ou documentos acreditativos da personalidade da entidade. Na copia dos estatutos, deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente.
- Acreditar a súa inscrición, de ser o caso, no Rexistro de fundacións da Xunta de Galicia, no do Estado ou en ambos os dous.
- Acreditar a súa inscrición, de ser o caso, no Rexistro de entidades relixiosas da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións dependente da Subdirección Xeral de Relacións coas Confesións ou en calquera outro rexistro público que as acredite como tal.
- Certificación da secretaría da entidade, na que conste a existencia dun departamento de muller e igualdade, se fose o caso.
- Acordos ou actas da entidade acreditativas do funcionamento das vogalías ou departamentos específicos de muller.
- Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.
- Descrición do programa de actividades para realizar, cunha relación gastos/ingresos (ANEXO.- Descrición das actividades para desenvolver), que poderá vir acompañado do proxecto que se estime máis conveniente co fin de acadar unha mellor avaliación.

ANEXO - DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS PARA DESENVOLVER

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2339559665372481097.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-11-2024

MODELO DE PROXECTO PARA SUBVENCIONAR QUE SE VAI DESENVOLVER DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2024

☐ Proxecto de actividades culturais.

*Para os efectos de realizar a valoración, será imprescindible cubrir todos os ítems relacionados coas actividades culturais anuais levadas a cabo pola entidade.

DENOMINACIÓN: _____

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS: (detallar exactamente)

- Descrición das actividades culturais para desenvolver pola entidade:

- Descrición do local onde se vai realizar a actividade: equipamento, número de metros, réxime de posesión...

- Xustificación da necesidade do gasto:

- Interese xeral da actividade proposta no ámbito municipal:

- Obxectivos que perseguen:

- Colectivo ao que se dirixen as actuacións:

- Número estimado de persoas destinatarias: _____

- Datat previstas para a realización das actividades:

- Lugar previsto para a realización das actividades:

- Grao de orixinalidade e innovación do proxecto presentado e déficit de actuacións análogas no municipio:

- Antigüidade da asociación con programación continua en actividades desenvolvidas no eido da cultura (sen contar a edición actual).

Marcar cun X. Ano de inicio: _____

- ☐ De 1 a 5 anos de actividade.
- ☐ De 6 a 10 anos de actividade.
- ☐ Máis de 10 anos de actividade.

(Achegarase obrigatoriamente para a súa valoración xustificación da antigüidade e da continuidade da programación cultural).

- Trátase de actividades de carácter gratuíto, abertas ao público en xeral e que fomentan a participación cidadá.

Marca cun X e indica cales:

- ☐ SI
- ☐ NON

Actividades:

- As actividades propostas promoven a igualdade, non discriminación e educación en valores. De ser o caso, explica detalladamente:

- Plan de medios onde se recollan as actuacións de difusión previstas, coa correspondente especificación en cada caso e nas que se indique a colaboración do

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2339559665372481097.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-11-2024

Concello de Lugo (actuacións en redes sociais, cartelería e folletos impresos, anuncios en prensa escrita, anuncios en radio, tv etc.):

- As actividades propostas favorecen a difusión dos valores culturais lucenses e galegos. De ser o caso, explica detalladamente:

- Na composición da directiva existe, como mínimo, unha porcentaxe de mulleres do 50%. Marca cun X:

- ☐ SI
☐ NON

- A entidade conta cunha vogalía ou departamento de muller. Marca cun X:

- ☐ SI
☐ NON

Para estes efectos, achegarase certificación e acordos ou actas.

- Recursos previstos para a execución do proxecto:

a) Recursos materiais:

b) Recursos humanos:

c) Recursos económicos (relación totalizada de ingresos: subvencións/achegas de socias/os etc. da actividade subvencionada):

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS PREVISTOS E NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN PARA SUBVENCIONAR:

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>

TOTAL GASTOS PREVISTOS	

ORZAMENTO DETALLADO DE INGRESOS PREVISTOS PARA EFECTOS DE FINANCIAR A ACTIVIDADE PARA SUBVENCIONAR:

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
Subvención solicitada ao Concello de Lugo	
Outras subvencións solicitadas:	
Detalle dos recursos propios da entidade (mínimo 10% do orzamento presentado):	
TOTAL INGRESOS PREVISTOS	

Lugo, ____ de _____ de 2024
(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.: _____

ANEXO - DECLARACIÓN RESPONSABLE SOLICITUDE SUBVENCIÓN

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

D./D.^a-----provista/o
do DNI nº-----en calidade de (presidenta/e, secretaria/o...) de-----con enderezo social
en-----de Lugo e con NIF
nº-----

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE QUE:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2339559665372481097.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-11-2024

1.- Esta entidade (marque cunha cruz a opción que proceda) solicitou e/ou recibiu subvencións, axudas e/ou colaboracións de carácter económico ou non económico doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade.

- ☐ SI
☐ NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2024, esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA
TOTAL		

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO
TOTAL		

2.- A actividade, proxecto, obxectivo ou programa para o que se solicita subvención vaise efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente. No caso de que a contía solicitada pola Entidade beneficiaria supere na convocatoria o importe de 3.000 euros deberanse achegar as correspondentes certificacións. Neste sentido, autorízolle ao Concello de Lugo a comprobar que a entidade que represento se atopa ao corrente coas mencionadas obrigas.

4.- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo e, no caso de desenvolver actividades con menores, que non teñen antecedentes penais por ter cometido delitos sexuais

conforme ao establecido na Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei 45/2015, do 14 de outubro, do voluntariado.

6.- Que esta entidade ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2024.

Lugo, ____ de ____ de 2024.
(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.: _____

ANEXO - XUSTIFICACIÓN DA REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

MODELO DE MEMORIA DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA QUE SE LEVOU A CABO DURANTE 2024.

☐ Proxecto de actividades culturais.

Nota: deberase detallar pormenorizadamente, se é o caso, as posibles diferenzas co proxecto previsto manifestado no momento da solicitude no anexo: DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS PARA DESENVOLVER.

- Denominación do proxecto realizado

- Descrición pormenorizada das actuacións levadas a cabo (detallar en que consistiu exactamente a actividade para a que se lle concedeu a subvención):

- Interese xeral da actividade realizada no ámbito municipal:

- Grao de consecución dos obxectivos indicados no proxecto:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2339559665372481097.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-11-2024

- Colectivo ao que se dirixiron as actuacións:

- Número de participantes (persoas beneficiarias directas):

- Idade media aproximada das persoas beneficiarias que participaron no desenvolvemento da acción subvencionada:

- Número de homes participantes (a partir de 12 anos):

- Número de mulleres participantes (a partir de 12 anos):

- Número de nenas participantes (0-12 anos):

- Número de nenos participantes (0-12 anos):

- Calendario/Datas de realización das actividades:

- Lugar no que se desenvolveron as actividades:

- Acolida da actividade pola súa orixinalidade e o seu carácter innovador. De ser o caso, explica detalladamente:

- Antigüidade da asociación con programación continua en actividades desenvolvidas no eido da cultura. Número de edicións da actividade ou programa subvencionado. De ser o caso, explica detalladamente e aporta a debida xustificación:

- Descrición, de ser o caso, das actividades de carácter gratuíto, abertas ao público en xeral:

- As actividades propostas promoveron a igualdade, non discriminación e educación en valores. De ser o caso explica detalladamente:

- As actuacións de difusión foron realizadas segundo o Plan de Medios comunicado. De ser o caso, explica detalladamente e achega a debida xustificación (notas de prensa, radio, televisión, publicacións en redes sociais etc. :

- As actividades favoreceron a difusión dos valores culturais lucenses. De ser o caso explica detalladamente:

- Recursos utilizados para a execución do proxecto:

a) Materiais:

b) Humanos:

c) Económicos (subvencións/achega socias/os):

O orzamento presentado no seu día ascendía a _____ €

O orzamento realmente executado ascende a _____ €

Existe (marque cunha cruz a opción que proceda) unha desviación (*diferenza entre o orzamento presentado e o realmente executado*):

☐ SI

☐ NON

En caso afirmativo: por importe de _____ €. Especificar os motivos:

-

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2339559665372481097.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-11-2024

-
-

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES EFECTUADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

Data fra.	Nº fra.	Entidade	Concepto	Importe (IVE incl.)	Data pago
TOTAL GASTOS					

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS OBTIDOS PARA O FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE PARA SUBVENCIONAR

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
Subvención concedida polo Concello	
Outras subvencións:	
Recursos propios da entidade:	
TOTAL INGRESOS	

Lugo, ____ de _____ de 2024.
(DNI, sinatura e selo da entidade)

ANEXO - DECLARACIÓN RESPONSABLE XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN**

D.ª/D.-----provisto do
DNI nº-----en calidade de (presidenta/e, secretaria/o,...)
de-----con enderezo social

en-----de Lugo e con NIF
nº-----

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE QUE:

1.- Esta entidade (marque cunha cruz a opción que proceda) solicitou e/ou recibiu subvencións ou axudas de carácter económico ou non económico doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

☐ SI

☐ NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2024, esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía):

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO

2.- A actividade, proxecto, obxectivo ou programa para o que se concede a subvención efectuouse nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día e que foi tido en conta respecto dos criterios de avaliación:

☐ SI

☐ NON

En caso negativo: especificar os motivos e as diferencias respecto a cadanseu apartado que foi obxecto de valoración segundo os criterios sinalados no artigo 8:

-

-

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente. No caso de que a contía solicitada pola entidade beneficiaria supere na convocatoria o importe de 3.000 euros deberanse achegar as correspondentes certificacións. Neste sentido autorizo ao Concello de Lugo a comprobar que a entidade que represento se atopa ao corrente coas mencionadas obrigas.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2339559665372481097.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-11-2024

4.- As facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
- Conteñen gastos que xa lle foron aboados á persoa e/ou entidade debedora agás naqueles nos que se acredita a devindicación, pero a data efectiva de aboamento é posterior; suposto este no que se presentará a documentación tan pronto como se dispoña dela.
- Non corresponden á subcontratación das actividades subvencionadas, salvo nos casos regulados no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 68 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, do regulamento de subvencións.

Marcar no caso de que existan subcontratacións:

- ☐ Si: en documento á parte xustifícanse convenientemente indicando a súa necesidade, o detalle das porcentaxes que supoñen, os seus importes, a acreditación do valor de mercado das actividades, o valor engadido que estas achegán á actividade subvencionada e a non concorrencia das circunstancias sinaladas no artigo 29.7.d) da mencionada lei.

5.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións como asalariado nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6.- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondentes ao ano 2024.

Lugo, ____ de _____ de 2024.

(DNI, sinatura e selo da entidade).

Asdo.: _____

CUARTO.- Que se proceda á publicación do texto íntegro desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro electrónico municipal, na páxina web do Concello de Lugo, e deberá inserirse no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Lugo.

QUINTO.- Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e o prazo para presentar as solicitudes será de

DEZ DÍAS HÁBILES, contados dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na forma e termos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (artigos 17.3.b, 18 e 20.8).

SEXTO.- Indícaselles que esta resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

Recurso de reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo no prazo de UN MES (artigos 112,123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). O recurso interposto entenderase desestimado por silencio administrativo, se non houberse resolución expresa no prazo de UN MES, e quedará aberta a porta do recurso contencioso-administrativo, que deberá formularse dentro do prazo de SEIS MESES dende a data da desestimación por resolución presunta (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa). No caso de interposición deste recurso, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que o de reposición sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial), no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación (art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas.